

AVISO LEGAL

Condicións de uso

A entidade titular deste sitio web é o Concello de Santiago de Compostela, con sede no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, 1, 15705 Santiago de Compostela.

Este Concello informa que o acceso e uso deste sitio web, así como dos servizos e contidos que a través del se poidan obter están suxeitos aos termos que se detallan neste aviso legal.

Calquera uso que se faga deste sitio web ou dos servizos e contidos nel incluídos implica a aceptación dos termos legais recollidos neste aviso legal polo que, se non está de acordo con eles, deberá absterse de utilizalos.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito a introducir cambios neste sitio web, sen necesidade de aviso previo, co obxecto de actualizar, corrixir, modificar, engadir ou eliminar os seus contidos ou o seu deseño. Os contidos e servizos que ofrece o sitio web actualízanse periodicamente.

O Concello de Santiago de Compostela non se fai responsable dos danos e perdas que puidese ocasionar a utilización das ferramentas e informacións contidas no sitio web, especificamente en relación coa adopción de decisións sobre inicio, desenvolvemento ou resultado de procedementos administrativos. Tales decisións deben ser contrastadas cos centros, organismos ou dependencias competentes.


Os datos obtidos deste sitio web e das respostas que se dean ás cuestións expostas desde os correos electrónicos do Concello de Santiago de Compostela cumpren unha función de información xeral e atención á cidadanía nos termos establecidos no artigo 4 do [Real decreto 208/1996](#), do 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, polo que en ningún caso poderán derivarse deles efectos xurídicos vinculantes.

A persoa usuaria debe acceder ao sitio web e usar os seus contidos de forma correcta e lícita e, en particular, comprométese a facer uso das utilidades e servizos ofrecidos a través do sitio web consonte a legalidade vixente en cada momento.

A persoa usuaria non poderá utilizar este sitio web con ningunha finalidade ou propósito que sexa ilegal ou estea prohibido nin, especificamente, con ánimo de prexudicar o Concello de Santiago de Compostela ou terceiras persoas.

Reutilización da información do sector público

Son aplicables as seguintes condicións xerais para a reutilización de textos, documentos, imaxes e audiovisuais, propiedade do Concello de Santiago e contidas neste sitio web:



CONCELLO DE SANTIAGO

- Está prohibido desnaturalizar o sentido da información.
- Debe citarse a fonte dos documentos obxecto da reutilización.
- Debe mencionarse a data da última actualización dos documentos obxecto de reutilización, sempre e cando estivese incluída no documento orixinal.
- Non se poderá indicar, insinuar ou suxerir que Concello de Santiago de Compostela, titular da información reutilizada, participa, patrocina ou apoia a dita reutilización.
- Deben conservarse, non alterarse nin suprimirse os metadatos e as condicións de reutilización aplicables que estean incluídos, se é o caso, nos ficheiros postos a disposición.

Exclusión de responsabilidade

As persoas usuarias ou axentes da reutilización dos conxuntos de datos farana pola súa propia conta e risco e correspóndelles en exclusiva responder fronte a terceiras persoas polos danos que poidan derivarse dela.

O Concello de Santiago de Compostela non será responsable do uso que da súa información fagan os axentes reutilizadores nin tampouco dos danos ou perdas económicas que, de forma directa ou indirecta, se poidan producir, xa sexan materiais ou sobre datos, provocados polo uso da información reutilizada.

O Concello de Santiago de Compostela non garante a continuidade na posta a disposición dos documentos reutilizables, nin no contido nin na forma, e tampouco asume responsabilidades por calquera erro ou omisión que conteñan.

Responsabilidade do axente reutilizador

O axente reutilizador está sometido á normativa aplicable en materia de reutilización da información do sector público, incluíndo o réxime sancionador previsto no artigo 11 da [Lei 37/2007](#), do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público (RISP).


Política de datos sobre a información xeográfica

O Concello de Santiago, sen prexuízo das condicións xerais da RISP citadas e do marco normativo legal sobre a propiedade intelectual en España, posúe a propiedade intelectual e todos os dereitos sobre a información xeográfica que xenera ademáis dos servizos propios que utilicen esa información e sexan prestados por dito concello.

O uso da información dos produtos e servizos de datos xeográficos do Concello de Santiago supón aceptación implícita por parte da persoa usuaria das condicións xerais concretada na licenza de uso [CC BY 4.0](#).

Dereitos de propiedade intelectual

Tanto o deseño do sitio web e o seu código fonte, como os logos, marcas e demais signos distintivos que aparecen nel pertencen ao Concello de Santiago ou a



CONCELLO DE SANTIAGO

entidades colaboradoras e están protexidos polos correspondentes dereitos de propiedade intelectual e industrial. A súa transformación, alteración, reutilización, reprodución ou copia quedan totalmente prohibidas salvo que medie expresa autorización do Concello por escrito. Así mesmo, non se permite a utilización por terceiras persoas de calquera mecanismo que altere a configuración ou contidos do portal ou o acceso a el con contraprestación.

Igualmente están protexidos polos correspondentes dereitos de propiedade intelectual e industrial e pertencen ao Concello de Santiago os contidos do sitio web aloxados nos seus servidores. No entanto, o Concello de Santiago permite o uso, reprodución total ou parcial, distribución, comunicación pública, reutilización ou calquera outra actividade similar ou análoga dos textos, documentos, imaxes e audiovisuais da súa propiedade contidas neste sitio web, segundo o disposto no punto de sobre **reutilización da información do sector público** destes avisos legais.

Privacidade e protección de datos

Navegación anónima a través do sitio web

De acordo coa [Lei orgánica 15/1999](#), do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Santiago comprométese a cumprir a súa obriga de gardar segredo con respecto aos datos de carácter persoal que se puidesen solicitar en correos electrónicos e ao deber de tratalos con confidencialidade. Para estes efectos, adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Os datos compilados en correos electrónicos co fin de dar resposta adecuada a consultas relacionadas co proceso de descarga e cos servizos do sitio web serán tratados de forma confidencial, sen almacenamento permanente, e para uso exclusivo do Concello de Santiago.

Para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, modificación ou supresión, poden dirixirse a cartografia@santiagodecompostela.gal ou ao enderezo postal:

Concello de Santiago de Compostela

Pazo de Raxoi . Praza do Obradoiro, 1

15705 Santiago de Compostela

Ligazóns ou hiperligazóns

Neste sitio web do Concello de Santiago pódese facilitar o acceso a outras páxinas web externas que consideramos poden ser do seu interese. O obxectivo de tales ligazóns é unicamente facilitarlle recursos que cremos lle poden interesar. No entanto, non somos responsables desas páxinas, nin facemos unha revisión dos seus contidos e, por iso, non podemos facernos responsables delas, do seu

funcionamento nin dos posibles danos ou perdas que poidan derivarse do seu uso ou acceso.

Permítese a inclusión dunha ligazón ou hiperligazón deste sitio web noutro portal, páxina web ou documento, a condición de que:

- O establecemento da ligazón non implique en ningún caso, salvo autorización explícita, a existencia de relacións entre o Concello de Santiago e o propietario do portal, páxina web ou documento que enlace, nin a aceptación nin aprobación polo Concello de Santiago dos seus contidos ou servizos.
- O portal, páxina web ou documento que enlace non conteña marca, denominación, logotipo, slogan nin calquera outros signos distintivo pertencente ao Concello de Santiago, excepto aqueles signos que formen parte da mesma ligazón.
- O portal, páxina web ou documento que enlace non conteña información nin contidos que sexan ilícitos, discriminatorios, contrarios aos principios éticos comunmente aceptados ou atenten contra a orde pública, así como tampouco contidos contrarios a calquera dereito doutras persoas.
- Enténdase sen confusión ningunha que o URL de destino ou servizos, se é o caso, pertencen ao Concello de Santiago e manteñan a información de política de datos correspondente.

O Concello de Santiago non se responsabiliza de ningún xeito nin garante a calidade, exactitude, fiabilidade, corrección ou moralidade de contidos ou servizos que o establecemento da ligazón poida ofrecer. O usuario asume baixo a súa exclusiva responsabilidade as consecuencias, danos ou accións que puidesen derivarse do acceso á páxina web que enlace.

En calquera momento, o Concello de Santiago poderá requirir a retirada da ligazón sen necesidade de alegar causa ningunha. En tal caso, a páxina que realizase a ligazón deberá proceder á súa inmediata supresión en canto reciba a notificación do Concello de Santiago.

Estatísticas de uso (cookies)

Este sitio web utiliza un servizo de análise web que instala *cookies* temporalmente coa única e exclusiva finalidade de elaborar informes de carácter estatístico. Estas *cookies*, que rexistran a actividade dunha páxina web, non identifican a persoa que accede ao sitio web, teñen unha vixencia temporal limitada e en ningún caso se utilizan para recoller información de carácter persoal.

Pódense rexeitar o uso de *cookies* na configuración do navegador. Con todo, informamos que ao facelo pode verse reducida a plena funcionalidade deste sitio web.